

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL**

Procedemento	Procedemento aberto harmonizado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	<b>Servizo de mantemento de aparatos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol</b>	
Número expediente	AVH 03008 20/06	Cívidas 2018025369
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	1 de febreiro de 2021	
Hora de inicio	12:06:00	
Hora remate	12:10:00	
Asistentes sen voto	<ul style="list-style-type: none"><li>• Don Alberto Castro Rascado, enxeñeiro municipal.</li><li>• Dona Martina Aneiros Barros, representante do grupo municipal PP (mediante videoconferencia na aplicación GOOGLE MEET)</li></ul>	
Excusa asistencia	Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa de servizo de Contratación	

**Presidente:**

Don Julián Reina Villalón, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.

**Vocais:**

Don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Luis Ramón Vázquez Parga, viceinterventor, en substitución da interventora municipal (en virtude de resolución de Alcaldía-Presidencia de data 30/10/2020), dona Ana Lamas Villar, concelleira delegada da área proponente do contrato (Servizos) e dona Milagros Puig Mosquera, xefa de sección, en substitución da xefa do servizo proponente do contrato (Servizos).

**Secretario/a**

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

**ORDE DO DÍA****1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o día 18/01/2021:**

Se aproba co voto favorable de tódolos vocais asistentes.

**2º.- Valoración do sobre nº 3 “Oferta de criterios avaliados en cifras ou porcentaxes” para o expediente AVH 03008 20/06 “Servizo de mantemento de aparatos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol”.**

En primeiro lugar, deuse conta do informe e anexo que, en data 26/01/2021, emite don Alberto

Castro Rascado, técnico designado aos efectos; no citado documento técnico se reflicte o seguinte:

“INFORME

En relación coa avaliación dos criterios obxectivos das ofertas presentadas ao procedemento de contratación de **SERVIZO DE MANTEMENTO DE APARELLOS ELEVADORES E PORTAS AUTOMÁTICAS E MOTORIZADAS NO CONCELLO DE FERROL**, infórmase:

1. Que procedeuse á análise das ofertas presentadas polas empresas:

1. ENOR,
2. CUME24,
3. GENERAL ELEVADORES
4. ORONA
5. THYSSENKRUPP

2. Á vista das ofertas económicas establecidas presentadas, pódese sinalar que as empresas ENOR e general elevadores presentan algunha referencia ( ENOR varias, e GENERAL ELEVADORES unha), na que o importe unitario de mantemento excede o importe máximo admitido, aínda que a oferta global está por debaixo da máxima permitida. O modelo de oferta económica indica expresamente: *La superación de los precios unitarios previstos para cada una de las unidades relacionadas, aunque no superen el presupuesto total, sera causa de exclusión de la oferta.* Por outra banda, no caso da empresa GENERAL ELEVADORES, o importe total manifestado, 35.520,00 €, non coincide coa suma dos importes unitarios, 35.520,11 €, probablemente por un tema de redondeo. O modelo de oferta contén esta posible continxencia, sinalando que *En caso de contradicción entre el importe total de mantenimiento y la suma del importe de mantenimiento de cada aparato, prevalecerá esta última.* No anexo preséntanse estas ofertas económicas, sinalando estas circunstancias.

3. Procede, entón, ao meu xuízo, a exclusión de ámbalas dúas ofertas, ENOR e GENERAL ELEVADORES do procedemento.

4. Asumindo o anterior, coas tres empresas restantes, CUME24, ORONA e THYSSENKRUPP, avalíouse, seguido os criterios establecidos no PCA,

1. Importe
2. Tempo de resposta
3. Vehículos CERO/ECO
4. GMAO

e segundo as regras de avaliación aprobadas. O resumo das ofertas presentadas con respecto a estes criterios de avaliación é o seguinte:

	IMPORTES TOTALS	TEMPO DE RESPOSTA	VEHÍCULOS CERO/ECO	SISTEMA INFORMÁTICO
CUME24	37.090,80 €	0,25	1	Sí
ORONA	39.986,52 €	0,50	3	Si
THYSSENKRUPP	30.570,48 €	0,25	3	Sí

5. Á vista dos anteriores, a puntuación das ofertas en base a cada un dos criterios, e a total, sería a seguinte:

	IMPORTES TOTALS	TEMPO DE RESPOSTA	VEHÍCULOS CERO/ECO	SISTEMA INFORMÁTICO	TOTAL
CUME24	43,07	20	3	10	76,07
ORONA	35,55	17,14	10	10	72,69
THYSSENKRUPP	60	20	10	10	100

6. Analizouse, por último, a posible temeridade das ofertas presentadas segundo o disposto no punto 16 do PCA, que remite ao art. 85 do RD 1098/2001, Regulamento da lei de contratos das administracións públicas. Este artigo establece que incurrirán en presunción de temeridade as ofertas que cumpran: *Cuando concurren tres licitadores, las que sean inferiores en más de 10 unidades porcentuales a la media aritmética de las ofertas presentadas. No obstante, se excluirá para el cómputo de dicha media la oferta de cuantía más elevada cuando sea superior en más de 10 unidades porcentuales a dicha media. En cualquier caso, se considerará desproporcionada la baja superior a 25 unidades porcentuales.* Establécese, pois, un dobre criterio, por un lado respecto á media das ofertas, e, por outra banda, respecto ao importe máximo establecido. A aplicación do cálculo sería a que se recolle na seguinte táboa:

TIPO DE LICITACIÓN	53.674,00 €	
MEDIA 1	35.882,60 €	( excluindo a que é superior ao10% da media: ORONA)
MEDIA 2	33.830,64 €	

	IMPORTES TOTALS	OFERTA/ MEDIA1	OFERTA/ MEDIA2	BAIXA/IMPORTE MÁXIMO
CUME24	37.090,80 €	103,37%	109,64%	30,90%
ORONA	39.986,52 €	111,44%	118,20%	25,50%
THYSSENKRUPP	30.570,48 €	85,20%	90,36%	43,04%

7. Á vista dos resultados anteriores, pódese deducir que co criterio relativo á media, non existiría baixa desproporcionada, pero respecto ao criterio sobre o importe máximo se da a temeridade nos tres casos.

8. Á vista do anterior, infórmase que resultan anormalmente baixas as ofertas presentadas polas empresas:

1. CUME24
2. ORONA
3. THYSSENKRUPP

Do que se informa aos efectos dispostos nos art. 149 da LCSP e PCA ao respecto.”.

Tendo o informe técnico e anexo de data 26/01/2021; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os vocais asistentes; acorda:

- EXCLUIR do procedemento as ofertas presentadas polas empresas:
  - ASCENSORES ENOR, SL (supera os prezos unitarios na Plataforma do Mercado de Caranza; na RAE 9691-Casa da Muller; na RAE 1400608- Plataforma do Centro Cultural Torrente Ballester; nas RAE 1400000 e 1401310- Plataformas do Teatro Jofre e nas dúas Plataformas do Mercado da Madalena)
  - GENERAL ELEVADORES, XXI, SL (supera os prezos unitarios na RAE 9691-Casa da Muller)
- REQUIRIR dos licitadores CUME24, SL; ORONA, S. COOP. e THYSSENKRUPP ELEVADORES, SLU a XUSTIFICACIÓN DO PREZO ANORMALMENTE BAIXO no que incorren nos termos dispostos na cláusula 25 e no epígrafe 16 do anexo I ao PCAP.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

**DILIXENCIA:** Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 22/02/2021 asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.